

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 04 DE XANEIRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Catro de Xaneiro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 28/12/2023

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/442

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/12/2023. DECRETO: "APROBACIÓN MODIFICADO PROYECTO Y MODIFICACIÓN CONTRATO DE OBRAS "REMODELACIÓN DEL FRENTE MARÍTIMO DE AGUIÑO"

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/447

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/12/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS "INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA" 3 LOTES: LOTE 1: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA GENERACIÓN, NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL. LOTE 2: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, CENTRO DEPORTIVO FIEITEIRA. LOTE 3: INSTALACIÓN



FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, UAD". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/462

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/12/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "CONSTRUCCIÓN DE NOVO PARQUE INFANTIL EN ARTES""

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/470

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 29/12/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "AMPLIACIÓN DE PISTAS DEPORTIVAS EN SAAMIL (CORRUBEDO)""

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12555	23.05.2023	<u>MARÍA CRUJEIRAS PAZ</u> , arranxo de grietas na cornisa da casa, na Estrada Xeral, 96, Castiñeiras.
14518	13.06.2023	<u>VENTURA VIDAL PENA</u> , pintado exterior da vivenda e frente almacén, na Ameixida, 55.
15576	23.06.2023	<u>JOSÉ GARCÍA AYASO</u> , cambio de ventanas, na rúa Nova, 34, Castiñeiras.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12555	23.05.2023	<u>MARÍA CRUJEIRAS PAZ</u> , arranxo de grietas na cornisa da casa, na Estrada Xeral, 96, Castiñeiras.
14518	13.06.2023	<u>VENTURA VIDAL PENA</u> , pintado exterior da vivenda e frente almacén, na Ameixida, 55.
15576	23.06.2023	<u>JOSÉ GARCÍA AYASO</u> , cambio de ventanas, na rúa Nova, 34, Castiñeiras.



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 08/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 08/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/01/2024 12:19:49

DOCUMENTO: 20241231818

Fecha: 08/01/2024

Hora: 12:19

CSV: 07E80012CBCA00G6R2U3X8W5T5



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓN DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12555	23.05.2023	MARÍA CRUJEIRAS PAZ, arranxo de grietas na cornisa da casa, na Estrada Xeral, 96, Castiñeiras.
14518	13.06.2023	VENTURA VIDAL PENA, pintado exterior da vivenda e fronte almacén, na Ameixida, 55.
15576	23.06.2023	<u>JOSÉ GARCÍA AYASO</u> , cambio de ventanas, na rúa Nova, 34, Castiñeiras.

9.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA. PROMOTOR: QUEIMONA S.L. LUGAR: Rúa do Porto, nº 39, Corrubedo, Ribeira

VISTO o escrito presentado por **D. Héctor Fernández Hermida**, DNI ***752***, en representación da Sociedade **Queimona, S.L.**, rexistrado de entrada o día **9 de febreiro de 2023**, (Rexistro de entrada nº 3.603), mediante o que solicita licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 4237901MH9143N0001GZ sita na Rúa do Porto nº 39, Corrubedo, Ribeira, achegándose Proxecto Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2023 redactado por D. Jesús Mª Alonso Fernández, (arquitecto col. 2.059) así como Escritura de propiedade.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **10 de maio de 2023**.

VISTA a **acta e plano de cesión** asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día **5 de decembro de 2023** en relación á superficie de **17,20 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento.

VISTO o **contrato de cesión** asinado por **D.Héctor Fernández Hermida**, DNI 36.175.239-B), en representación da Sociedade Queimona, S.L, con (B-36.905.941) o día **21 de decembro de 2023**.

VISTO o **Informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **21 de novembro de 2023**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **27 de decembro de 2023**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO** incluído dentro de los límites do **PERI 2.-, CORRUBEDO**.

Sinala o Plan que as condicións de edificación estarán en función do que establezca o futuro **PERI** que se redacte, e mentres que éste non se leve a cabo será de aplicación o artigo 149, **SOLO URBANO, CONSOLIDADO** con **ORDENANZA 4ª RESIDENCIAL MEDIA VIVENDA COLECTIVA AGRUPADA**, debendo ser fixadas as alineacións polo Concello previa petición de



licenza.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER á entidade **QUEIMONA, S.L.** a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 1/24)** con refª catastral nº 4237901MH9143N0001GZ E sita na Rúa do Porto nº 39, Corrubedo, Ribeira, nos termos do Proxecto Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2023 redactado polo Sr. Jesús Mª Alonso Fernández, (arquitecto col. 2.059):

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado polo Sr. Héctor Fernández Hermida, en representación da Sociedade Queimona, S.L., o día 21 de decembro de 2023 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 17,20 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

10.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (CLANDESTINO)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Clandestino”, de data 29/12/2023 (Rexistro de entrada nº 29.895), no



que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 06/01/2024, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 30/12/2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Clandestino” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión



sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

11.- PROPOSTA CELEBRACIÓNS DE ACCIÓNS EN PARROQUIAS CON MOTIVO DO DÍA DE REIS A PETICIÓN DE Palmeira, Carreira, Olveira e Corrubedo.

Vista a proposta conxunta dos concelleiros delegados de Cultura, Antía Alberte Maneiro, e Festexos, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 29/12/2023, relativa ás solicitudes de celebracións de accións en parroquias con motivo do día de reis a petición de Palmeira, Carreira, Olveira e Corrubedo, e que a continuación se transcribe:

“Antía Alberte Maneiro, Concelleira delegada de Cultura e Francisco Suárez-Puerta Colomer, Concelleiro delegado de Festexos do Concello de Ribeira,

EXPOÑEN:

Recíbese na sede electrónica deste concello as seguintes peticións en nome dos organizadores que se indican, co obxectivo común de celebrar un evento con motivo do Día de Reis.

Organizadores:

- *Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira Rexistro 2023 26245 e 29619 de 13/11/2023 e 26/12/2013 respectivamente Actividade. Venres 5 de xaneiro de 2024: Cabalgata na parroquia de Palmeira. Achega Seguro RC, percorrido e número de participantes.*

- *Asociación Cultural As Dunas. José Manuel Martínez Suárez Rexistro 2023 29673 de 27/12/2013 Actividade. Sábado 6 de xaneiro de 2024: “Tractorada a modo de cabalgata” parroquia de Olveira. Achega Seguro RC e percorrido.*

- *David Gonzalez Sieira Rexistro 2023 29722 de 27/12/2013. Engádese información complementaria, correo electrónico de data 29/12/2023. Actividade. Venres 5 de xaneiro de 2024: Percorrido de vehículos na parroquia de Carreira. Comunica percorrido, número de participantes e identificación número de seguro de cada vehículo.*

- *Asociación A Farola. José Luis Muñiz Brión Rexistro 2023 29631 de data 26/12/2023 Sábado 6 de xaneiro de 2024. Solicita caramelos para as SSMM Reis Magos.*

Todos solicitan autorización municipal así como caramelos para entregar nesta actividade.

Á vista destas peticións, Consideramos que

- a) Co seu esforzo contribúen a enriquecer a oferta cultural; Achegan á cidadanía accións que xeneran vínculos e unión nas parroquias. Son instrumento para transmitir creencias, costumes de xeneración en xeneración. Carecen ánimo de lucro.*
- b) Co desexo de apoiar iniciativas do tecido asociativo e veciñal que dende a área de cultura e festexos infórmase favorablemente.*



Por isto, PROPOÑEMOS á Xunta de Goberno Local

- Acordo para celebrar cada unha destas accións, sen prexuízo de que cada un dos organizadores presente con anterioridade á celebración do evento a correspondente Declaración de Responsabilidade.
- Atender no departamento de cultura – festexos as peticións de caramelos conforme a súas existencias.
- Trasladar ao Corpo da Policía Local cada unha destas solicitudes para que garanten a ordenación e regulación do tráfico.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración de cada unha destas accións, sen prexuízo de que cada un dos organizadores presente con anterioridade á celebración do evento a correspondente Declaración de Responsabilidade.
- Que sexa atendido no departamento de cultura – festexos as peticións de caramelos conforme a súas existencias.
- Dar traslado ao Corpo da Policía Local cada unha destas solicitudes para que garanten a ordenación e regulación do tráfico.

12.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA RODAXE AUDIOVISUAL – De Lorenzo Producciones e Inversiones, S.L.

Visto o escrito presentado por **De Lorenzo Producciones e Inversiones, S.L.**, de data 28/12/2023 (Rexistro de entrada nº 29.783), no que solicita autorización para a rodaxe dun audiovisual da serie “El Jardinero” na zona da Praia da Ladeira (Corrubedo), os días 5 e 6/2/2023, en horario de 07:00 h. a 19:00h. aproximadamente; e asímesmo solicita a colaboración da Policía Local para reserva espazo suficiente para estacionamento de vehículos, colaboración de Protección Civil, retirada temporal de carteis informativos municipais, e utilización temporal de tractor ou excavadora.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a rodaxe dun audiovisual da serie “El Jardinero” na zona da Praia da Ladeira (Corrubedo), os días 5 e 6/2/2023, en horario de 07:00 h. a 19:00h. aproximadamente.
- Prestar a colaboración municipal no relativo a Policía Local para reserva espazo suficiente para estacionamento de vehículos, colaboración de Protección Civil, retirada temporal de carteis informativos municipais, e utilización temporal de tractor ou excavadora.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

